



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 6

Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresariais

Submedida 6.1

**Axuda á creación de empresas para os
agricultores mozos**



Índice

| | | |
|--------|--|---|
| 1. | <u>Medida 6. Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresariais</u> | 2 |
| 1.1. | <u>Submedida 6.1 Axuda á creación de empresas para os agricultores mozos</u> | 2 |
| 1.1.1. | <u>Que tipo de actuacións se financian?</u> | 3 |
| 1.1.2. | <u>Quen pode solicitar esta axuda?</u> | 4 |
| 1.1.3. | <u>Como se outorga a axuda?</u> | 4 |
| 1.1.4. | <u>Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?</u> | 4 |
| 1.1.5. | <u>Que criterios serán utilizados para a selección?</u> | 5 |
| 1.1.6. | <u>A canto ascende esta axuda?</u> | 7 |
| 1.1.7. | <u>Quen xestiona esta axuda?</u> | 7 |
| 1.1.8. | <u>Marco normativo</u> | 7 |
| 1.1.9. | <u>Documentos e ligazóns relacionados</u> | 8 |

1. Medida 6. Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresariais

En virtude desta medida preténdese favorecer a creación de empresas e o desenvolvemento e aumento da competitividade das explotacións, especialmente aquelas lideradas por agricultores mozos. É fundamental asegurar a substitución xeracional do sector agrario, así como a fixación da poboación en zonas rurais co fin de evitar o grave problema do despoboamento e o envellecemento do medio rural galego.

Os indicadores demográficos demostran o grave problema de despoboamento e envellecemento que sofre Galicia, moi especialmente nas zonas rurais do interior. A solución non é sinxela e require de apoios múltiples que pasan por mellorar as posibilidades de emprego e dotar ás zonas rurais de servizos que as fagan atractivas para a poboación, particularmente para a poboación moza.

A incorporación da poboación moza e capacitada ao sector agrario, o apoio ás pequenas explotacións, a diversificación da actividade económica, a creación de novas empresas, o apoio a microempresas e pequenas empresas non agrícolas, así como a extensión da rede de banda ancha ao total do territorio rural son elementos imprescindibles de desenvolvemento que fomentan a creación de emprego e, por tanto o asentamento poboacional.

Para lograr estes obxectivos, o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 pon en marcha catro submedidas:

- ✓ Submedida 6.1 Axuda á creación de empresas para os agricultores mozos
- ✓ Submedida 6.2 Axudas destinadas á creación de empresas para actividades non agrícolas en zonas rurais
- ✓ Submedida 6.3 Axuda destinada á creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións
- ✓ Submedida 6.4 Axuda para os investimentos na creación e desenvolvemento de actividades non agrícolas

En todos os casos consideraranse como criterios de prioridade os investimentos en proxectos innovadores recoñecidos no marco da AEI e os procedentes de iniciativas de cooperación e desenvolvemento local.

1.1. Submedida 6.1 Axuda á creación de empresas para os agricultores mozos

A importancia da substitución xeracional é fundamental nun sector como o agrario, dado o seu alto grao de envellecemento. É por iso que baixo esta medida preténdese apoiar a aqueles

agricultores mozos que queiran instalarse por primeira vez nunha explotación agraria, e que permanezan na actividade agraria durante 5 anos, de tal forma que os mozos que se incorporan creen o seu propio posto de traballo asumindo responsabilidades de xestión e dirección das explotacións nas que se incorporan.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

Esta axuda apoia o establecemento por primeira vez de agricultores mozos mediante a creación dunha explotación agraria ou a incorporación a unha xa existente, e que permanezan na actividade agraria durante 5 anos, de tal forma que os mozos que se incorporan creen o seu propio posto de traballo asumindo responsabilidades de xestión e dirección das explotacións nas que se incorporan.

A concesión da axuda está suxeita á presentación dun plan empresarial que demostre a viabilidade do proxecto que se pretende acometer e o cumprimento das condicións de competitividade das explotacións. Incidirase en que as actuacións implementadas teñan un impacto mínimo ou positivo nas emisións de gases de efecto invernadoiro e melloren a capacidade de adaptación ao cambio climático.

O proceso de instalación dun agricultor mozo terá en conta as seguintes características:

- ✓ Inicio do proceso de instalación: realizarase simultaneamente á solicitude de axuda mediante o cumprimento dalgunha das circunstancias que se establecen no apartado '8.2.5.3.1.6. Condicións de admisibilidade'. O inicio deste proceso debe ser igual ou anterior, cun prazo máximo de 24 meses, á solicitude de axuda.
- ✓ Data do establecemento efectivo: considerarase a data máis antiga en que se produce o alta á agricultura na Axencia Estatal da Administración Tributaria e á Tesourería Xeral da Seguridade Social, ou a achega do capital social á sociedade por parte do novo ou a data en que se obtén a cualificación de Explotación Agraria Prioritaria, tal e como se detalla no apartado '8.2.5.3.1.6. Condicións de admisibilidade'.
- ✓ Final do proceso de instalación: considerarase no momento da comprobación da correcta execución do plan empresarial tal e como se establece no apartado '8.2.5.3.1.2. Tipo de axuda'.
- ✓ Duración máxima do Plan Empresarial: considérase de 24 meses a partir da data do establecemento efectivo.

O plan empresarial deberá recoller, como mínimo, os seguintes aspectos:

- ✓ Situación inicial da explotación agrícola
- ✓ Fases e obxectivos para o desenvolvemento das actividades da explotación agrícola
- ✓ Detalles das actuacións, incluídos os relacionados coa sustentabilidade ambiental (cambio climático, aforro de auga, etc.) e a eficiencia dos recursos (eficiencia

enerxética), necesarias para o desenvolvemento das actividades da explotación agrícola, tales como investimentos, formación, asesoramento, etc.

As explotacións creadas respectarán os limiares establecidos no Programa.

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Os beneficiarios poderán ser calquera persoa física que, no momento de presentar a solicitude, non teña máis de corenta anos, conte coa capacidade e competencias profesionais adecuadas e se instale nunha explotación agraria por vez primeira como titular da devandita explotación; ou sexa titular dunha explotación agraria cuxa marxe neta non supera o 20 por 100 da renda de referencia, ou dunha explotación agraria cuns niveis de dedicación de tempo de traballo e de renda unitaria de traballo inferior aos mínimos establecidos para os titulares de explotacións prioritarias, e alcance esta consideración en calidade de agricultor a título principal.

1.1.3. Como se outorga a axuda?

A axuda terá carácter de pago a tanto alzado e concederase pola execución do plan empresarial ou plan de negocio que terá unha duración de 24 meses. A axuda pagarase en dúas cotas:

- ✓ Unha primeira, correspondente a un 60% do importe da axuda, cando acredite o inicio das actuacións incluídas no plan empresarial nun prazo máximo de 9 meses contados desde a notificación da concesión da axuda;
- ✓ O importe restante, o 40%, cando se consigan os obxectivos do plan empresarial, como máximo ata os 24 meses desde a instalación do agricultor mozo.

1.1.4. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

- ✓ Considérase novo agricultor á persoa que, no momento de presentar a solicitude, ten cumpridos 18 anos ou máis e non ten máis de 40 anos; conta coa capacitación e as competencias profesionais adecuadas e se instale nunha explotación agraria por primeira vez como titular da devandita explotación.
- ✓ Cumprir a condición de agricultor activo, segundo se define no artigo 9 do Regulamento (UE) 1307/2013, dentro dos 18 meses seguintes á data de instalación.
- ✓ Cumprir a condición de agricultor profesional, segundo se define na Lei 19/1995 do 4 de xullo, de Modernización de Explotacións Agrarias, dentro dos 18 meses seguintes á data de instalación.
- ✓ A explotación na que se produce a instalación debe alcanzar unha Renda Unitaria de Traballo igual ou superior ao 35% da Renda de Referencia Anual e inferior ao 120% desta.



- ✓ Presentar un plan empresarial que conteña a situación inicial da explotación agraria, os fitos e obxectivos para o desenvolvemento das actividades da explotación e o detalle das accións requiridas, incluídas as relacionadas coa sustentabilidade ambiental e a eficiencia de recursos que inclúan investimentos e gastos asociados para a instalación do mozo á explotación agraria, ademais da formación, asesoramento e calquera outra actividade a desenvolver. O plan empresarial ten que establecer que o agricultor mozo alcanzará polo menos 0,5 UTA á explotación.
- ✓ Posuír a capacitación e competencias profesionais adecuadas, para o que se pode permitir un período de graza de ata 36 meses desde a instalación.

En relación co concepto de instalación dun mozo considérase que este proceso se inicia cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

- ✓ Alta na Axencia Tributaria na actividade agraria.
- ✓ Alta no Réxime Especial dos Traballadores Autónomos, no Sistema Especial para Traballadores por Conta Propia Agrarios incluído no devandito Réxime ou no correspondente réxime da Seguridade Social pola súa actividade agraria.
- ✓ Alta no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia como titular ou socio dunha entidade asociativa titular dunha explotación agraria.

O inicio do proceso de instalación debe ser igual ou anterior, cun prazo máximo de 24 meses, á solicitude de axuda.

No caso de instalación nunha entidade asociativa, considerarase como data de instalación a data en que se produce a achega do capital social á sociedade por parte do mozo.

Para as excepcións previstas no artigo 17.2.a) da Lei 19/1995 de Modernización das Explotacións Agrarias considerarase como data de instalación a data en que se obtén a cualificación de Explotación Agraria Prioritaria.

Non procederán estas axudas se o proceso de instalación está terminado antes da solicitude de axuda.

1.1.5. Que criterios serán utilizados para a selección?

Aplicaranse criterios de selección de maneira obrigatoria, mesmo nos casos en que o orzamento da convocatoria sexa superior á demanda de financiamento. Os criterios de selección deberán estar claramente definidos antes do inicio do proceso de solicitude para garantir a igualdade de trato de todos os posibles solicitantes. En xeral, para cada criterio de selección outórganse puntos e a puntuación total da aplicación debe ser a suma dos puntos de todos os criterios de selección que se satisfagan. No procedemento de resolución das axudas fixarase un limiar mínimo de puntos que debe alcanzar unha solicitude para acceder á axuda.





En particular, estableceranse as seguintes prioridades:

- ✓ Proxectos apoiados pola submedida 4.1 de Investimentos en explotacións.
- ✓ As instalacións que supoñan o acceso á titularidade exclusiva ou compartida dunha explotación agraria prioritaria
- ✓ A implantación de proxectos de agricultura ecolóxica
- ✓ A instalación en zonas con dificultades naturais ou outras dificultades específicas

Nos supostos de empate despois da aplicación dos criterios de selección priorizaranse as instalacións ligadas á medida 4.1. De continuar o empate, priorizaranse as situacións segundo a orde establecida na correspondente convocatoria de axudas

Requisitos do Plan Empresarial

- ✓ O plan empresarial terá que estar iniciado como máximo aos nove meses da data en que se adopte a decisión pola que se concede a axuda, e deberá prever que o novo agricultor cumpra coa definición de agricultor activo nun prazo de 18 meses seguintes á data de instalación.
- ✓ Deben ser proxectos viables financeiramente e axustarse á normativa sectorial correspondente (comunitaria, estatal e autonómica) e o promotor non debe estar suxeito a situación ou procedemento xurídico e/ou administrativo que o inhabilite para poder optar á subvención.
- ✓ O plan empresarial debe incluír a situación inicial da explotación agraria, os fitos e obxectivos para o desenvolvemento das actividades da explotación e o detalle das accións requiridas, incluídas as relacionadas coa sustentabilidade ambiental e a eficiencia de recursos, que inclúan investimentos e gastos asociados para a instalación do mozo á explotación agraria, ademais da formación, asesoramento e calquera outra actividade a desenvolver.
- ✓ Unha vez efectuada a concesión da axuda, non se admitirán modificacións do plan de empresa relacionadas coa produción, coas actuacións programadas ou que afecten a OTE ou a súa viabilidade, salvo que sexan modificacións de menor entidade ou debidas á ampliación do tipo de cultivos e/ou de gandería.

Para estas excepcións a Autoridade de xestión do Programa recoñecerá implicitamente a validez técnica e económica, mediante a certificación que expida do cumprimento do plan de empresa.

En todo caso, será necesario que a persoa beneficiaria comunique a intención de realizar cambios no plan de empresa aprobado, con anterioridade á súa realización efectiva.

Os investimentos deben desenvolverse no ámbito xeográfico das zonas definidas como rurais de Galicia. Ademais deben ser finalistas e cumprir os obxectivos para os que foron aprobados no momento da certificación final, non admitíndose fases de proxectos

1.1.6. A canto ascende esta axuda?

A subvención de capital non poderá superar a contía de 70.000 euros.

A axuda consistirá nunha prima cuxa contía básica establécese en 20.000 euros, e que poderá incrementarse nas seguintes situacións:

- ✓ De acordo co volume de gasto necesario para a posta en marcha da explotación:
 - De 20.000 a 30.000 €: a prima incrementase en 12.500 €
 - De 30.001 a 40.000 €: incrementase en 17.500 €
 - De 40.001 a 60.000 €: incrementase en 25.000 €
 - De 60.001 a 80.000 €: incrementase en 31.500 €
 - De 80.001 a 100.000 €: incrementase en 40.500 €
 - Maior de 100.001: incrementase en 45.000 €
- ✓ Creación de emprego adicional na explotación, ademais da man de obra correspondente ao mozo instalado: 20.000 €
- ✓ Instalarse nunha explotación situada nunha zona con limitacións naturais ou outras limitacións específicas contempladas no artigo 32 do Regulamento (UE) 1305/2013: 5.000 €

As axudas correntes pagaranse en dúas cotas: unha primeira, correspondente a un 60% do importe da axuda, cando acredite o inicio das actuacións incluídas no plan empresarial, nun prazo máximo de 9 meses contados desde a notificación da concesión da axuda; o importe restante, cando se consigan os obxectivos do plan empresarial, como máximo ata os 24 meses desde a notificación de concesión da axuda.

1.1.7. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural.

1.1.8. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP



- ✓ Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento (UE) N° 1307/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do TFUE ás axudas de minimis
- ✓ Regulamento Delegado (UE) N° 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias
- ✓ Regulamento (UE) 2017/2393 do Parlamento Europeo e do Consello do 13 de decembro de 2017 polo que se modifican os Regulamentos (UE) n° 1305/2013 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Lei 19/1995, de 4 xullo, de Modernización das Explotacións Agrarias
- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico
- ✓ Decreto 200/2012, do 4 de outubro, polo que se regula o rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia

1.1.9. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Nota Técnica 1: Agricultor activo e actividade agraria (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/agricultura/temas/pac/ficha_1_170307_tcm30-379799.pdf
- ✓ Nota Técnica 5: Axudas ós agricultores mozos na nova PAC (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/agricultura/temas/pac/ficha_5_170307_tcm30-379803.pdf
- ✓ Rexistro de explotacións agrarias de Galicia (Consellería do Medio Rural)
http://mediorural.xunta.gal/es/areas/explotaciones/registro_de_explotaciones_agrarias_de_galicia_reaga
- ✓ Titularidade compartida das explotacións agrarias en Galicia (Consellería do Medio Rural)





http://mediorural.xunta.gal/es/areas/explotaciones/registro_de_explotaciones_agrarias_de_galicia_reaga/titularidad_compartida_de_las_explotaciones_agrarias

- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.5.3.1 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020

